



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 28 DE SETEMBRO DE 2018**

### **LICENZAS**

#### **PARCELAMENTOS.-**

#### **FAVORABLES.-**

**LIC/1880/2017.- MANUELA ÁLVAREZ CASTRO.-** Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para executar as obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita en Travesía de Picaños.

**LAP/69/2018.- GANADERIA MÍGUEZ.-** Conceder licenza para a construción dun cortello para explotación gandeira no lugar de Casas de Arriba, 3.

**LIC/220/2018.- MERCEDES LÓPEZ MONTOTO.-** Conceder licenza para executar as obras de substitución de cuberta e cornixa en vivenda unifamiliar adousada situada en rúa Enfesta, 12.

**LIC/566/2018.- JUAN CARLOS MOSTEIRO PAREDES.-** Conceder licenza para a construción dunha piscina na rúa da Devesa nº 10, Aríns.

**LIC/2113/2017.- THYSSENKRUPP ELEVADORES, S. L.-** Conceder licenza para a instalación dun ascensor en edificio de vivendas situado na rúa Pitelos nº 22.

**LIC/18187/2016.- SANTIAGO SUR GALICIA, S. L.-** Conceder licenza para construción dun edificio de 25 vivendas + 21 oficinas na Travesía da Poza, 12-16.

**LIC/1709/2017.- CONCEPCIÓN GARCÍA VAAMONDE.-** Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a execución dunha vivenda unifamiliar entre medianeiras situada na rúa da Muiña nº 80.

**LIC/1165/2018.- RAFAEL SOUTO CARLIN.-** Conceder licenza para obras de rehabilitación de cuberta da edificación situada na rúa dos Lagartos nº 43.

**LIC/1836/2017.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DOUTOR MACEIRA, 6.-** Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a instalación dun ascensor no edificio situado na rúa Doutor Maceira nº 6.

**LIC/771/2016.- XOSÉ MANUEL PENAS PATIÑO.-** Conceder licenza para executar obras de rehabilitación de vivenda sita na rúa Santa Clara nº 1.

#### **DESFAVORABLE.-**

**LIC/131/2015.- SANTIAGO REGUEIRO ALVARIÑO.-** Rexeitar o recurso de reposición interposto polo interesado na data 30 de agosto de 2018 contra o acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela de data 06 de xullo de 2018 polo que se denegou a licenza para a execución dunha vivenda unifamiliar en lugar Lamas do Carballal, 15.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para executar as obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita en Travesía de Picaños. LIC/1880/2017.** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a construción dun cortello para explotación gandeira no lugar de Casas de Arriba, 3. LAP/69/2018.** Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de substitución de cuberta e cornixa en vivenda unifamiliar adousada situada en rúa Enfesta, 12. LIC/220/2018. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a instalación dun ascensor en edificio de vivendas situado na rúa Pitelos nº 22. LIC/2113/2017. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a construción dunha piscina na rúa da Devesa nº 10, Aríns. LIC/566/2018. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para construción dun edificio de 25 vivendas + 21 oficinas na Travesía da Poza, 12-16. LIC/1787/2016. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a execución dunha vivenda unifamiliar entre medianeiras situada na rúa da Muíña nº 80. LIC/1709/2017. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para obras de rehabilitación de cuberta da edificación situada na rúa dos Lagartos nº 43. LIC/1165/2018. Apróbase a proposta.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a instalación dun ascensor no edificio situado na rúa Doutor Maceira nº 6. LIC/1836/2017. Apróbase a proposta.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar obras de rehabilitación de vivenda sita na rúa Santa Clara nº 1. LIC/771/2016. Apróbase a proposta.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao rexeitamento do recurso de reposición interposto contra o acordo da sesión da Xunta de Goberno de 06 de xullo de 2018 polo que se denegou a licenza para a execución dunha vivenda unifamiliar en lugar Lamas do Carballal, 15. LIC/131/2015. Apróbase a proposta.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á autorización para elaborar a acta de recepción parcial das obras de renovación e ampliación do sistema de céspede sintético e do sistema de rega no campo de fútbol municipal de Santa Isabel. Apróbase a proposta.

14.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda dando conta de que a empresa titular do contrato do "Servizo de posta en marcha dos orzamentos participativos COMPOSTELA DECIDE para o ano 2019" subcontratará con outras empresas unha serie de traballos. Comunícase que a empresa Cidadanía S. Coope.Galega, titular do contrato, subcontratará coas empresas Numax S. Coop. Galega (17,42 %), ChagetomorrowLda (8,33%) e Control Suprimir SLU (5,30%) unha serie de traballos que defínese e se cuantifican nun 31,05% do importe total.

15 a 128.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Apróbase a proposta.

**129.- Proposta do concelleiro delegado substituto de Políticas Sociais relativa á aprobación do expediente do "Servizo para implementación do programa municipal de apoio para inclusión social"; gasto e apertura do procedemento de adxudicación.** Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación do servizo mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 121.853 euros, exento de IVE.

**130.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o CLUB SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA.** Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 50.000 euros.

**131.- Proposta do concelleiro delegado de Relacións Veciñais relativa á aprobación da concesión e pagamento das subvencións ás asociacións de veciños 2018.** Apróbase a proposta.

**132.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o PATRONATO DA CASA DA TROIA.** Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 3.600 euros.

## **URXENCIAS**

**1.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á extensión formal da acta de recepción parcial das obras de mellora das condicións de accesibilidade do campo de fútbol de Santa Isabel.** Apróbase a proposta.

**2.-Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa a dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club de Atletismo Fontes do Sar.** Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 12.000 euros.

**3.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativo á adxudicación do contrato do Servizo de execución de diversas operacións de roza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, carreiros fluviais e parcelas municipais do termo municipal de Santiago-Campaña Complementaria 2018.** Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor de Alcomte Galicia, por un importe de 121.000 euros, IVE incluído.

**4.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á continuidade do contrato de subministración de mantemento, mediante renting, dun furgón de atestados e un todoterreo pick-up polo tempo indispensable para a adxudicación do contrato que se está a tramitar para a adquisición de ambos os dous vehículos.** Acórdase a continuidade do contrato, nas mesmas condicións, durante un prazo de máximo de tres meses ou ata que se formalice a adquisición dos vehículos.

**5.-Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao inicio dos trámites para a recepción das Obras de reforma do pavillón municipal de Apóstolo Santiago.** Autorízase o inicio dos trámites para a recepción das citadas obras.